

## **ACORDOS DA COMISIÓN DE TÍTULO DO MÁSTER EN PSICOLOXÍA XERAL SANITARIA, 2016 – 2017**

### **21 de setembro de 2016**

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da coordinadora
3. Aprobación, se procede, de solicitudes de matrícula a tempo parcial para o curso académico 2016-2017
4. Implementación, se procede, de melloras na programación do título
5. Rolda aberta de intervencións

Acordos:

- Apróbese a acta da sesión de 18 de xullo de 2016.
- Apróbanse as solicitudes de matrícula a tempo parcial para o curso académico 2016-17.
- Acórdase considerar, de cara á reforma do Título, cambiar o semestre ou parte dos contidos das materias con máis baixa matrícula no máster para facelas máis atractivas ao estudiantado.

### **10 de novembro de 2016**

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da coordinadora do Máster
3. Informe anual do seguimento do Título de MUPXS
4. Premio Extraordinario para o curso académico 2015-16
5. Rolda aberta de intervencións

Acordos:

- Apróbese a acta da sesión de 21 de setembro de 2016.
- Acórdase o proceso a seguir para a presentación en tempo e forma do Informe anual de seguimento do máster 2015-16.
- Apróbese a proposta de Premio Extraordinario para o curso académico 2015-16.

### **13 de decembro de 2016**

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe anual do seguimento do Título de MUPXS
3. Rolda aberta de intervencións

Acordos:

- Apróbase a acta da sesión de 10 de novembro de 2016.
- Apróbase a análise dos datos sobre satisfacción dos grupos de interese co máster, curso 2015-16.
- Apróbase o Informe de seguimento do máster 2015-16.
- Apróbanse as accións de mellora para o curso 2016-17, para o seus traslado á comisión de Calidade.

### **3 de febreiro de 2017**

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da coordinadora do Máster
3. Proposta e aprobación, se procede, de composición dos tribunais de TFM para o curso 2016-2017
4. Proposta e aprobación, se procede, dos períodos de defensa de TFM para o curso 2016-2017 (xullo e setembro)
5. Información sobre modificacións na xestión dos TFM e nas súas actas de cualificación
6. Rolda de intervencións

Acordos:

- Apróbase a acta da sesión de 13 de decembro de 2016.
- Apróbase a composición dos tribunais de TFM para o curso 2016-17: formación por sorteo de sete tribunais compostos de presidente/a, vogal e secretario/a.
- Apróbase o calendario de defensa de TFM para o curso 2016-17 (1ª oportunidade – xullo e 2ª oportunidade – setembro) para a promoción 2016-18.

### **15 de marzo de 2017**

#### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da coordinadora do Máster
3. Aprobación, se procede, de proposta de PDA para o curso académico 2017-2018
4. Revisión e consideracións sobre o itinerario "Grao-Máster-PIR"
5. Rolda de intervencións

#### Acordos:

- Apróbase a acta da sesión de 3 de febreiro de 2017.
- Apróbase a proposta de PDA para o curso 2017-18.
- Acórdase que a Comisión Académica mostrárase favorable a que o acceso ao PIR se condicione á superación do MUPXS, para o seu traslado á Xunta de Facultade, a cal necesitará adoptar unha postura ao respecto de cara á vindeira reunión da Conferencia de Decanos.

### **5 de abril de 2017**

#### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da coordinadora do Máster
3. Valoración e aprobación, se procede, da solicitude de ofertar a materia optativa "Intervención en crisis e trauma" no Máster en Psicología da Intervención Social e Comunitaria
4. Rolda de intervencións

#### Acordos:

- Apróbase a acta da sesión de 15 de marzo de 2017.
- Acordase rexeitar a solicitude de ofertar a materia optativa "Intervención en crise e trauma" no Máster en Psicología da Intervención Social e Comunitaria. O seu lugar, acordouse propoñer que se imparta unha materia nese ámbito que sexa adaptada ao plan de formación do devandito máster.

## **29 de xuño de 2017**

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da coordinadora do Máster
3. Aprobación, se procede, dos programas das materias para o curso académico 2017-2018
4. Aprobación, se procede, dos novos cuestionarios para avaliar as competencias do TFM e do Practicum
5. Valoración dos cambios susceptibles de ser introducidos na Memoria do Título
6. Presentación do borrador do Regulamento Interno do MUPXS para o TFM
7. Rolda de intervencións

### Acordos:

- Apróbase a acta da sesión de 5 de abril de 2017.
- Apróbanse os programas das materias para o curso académico 2017-18.
- Apróbase o cambio nos requisitos de acceso ao Máster, eliminando a esixencia de procedencia dun Grao en Psicoloxía adscrito á rama de Ciencias da Saúde, por indicación da Asesoría Xurídica da USC.
- Apróbase revisar a asignación de competencias do título ás materias para a súa actualización.
- Apróbanse os novos cuestionarios para avaliar, segundo o sistema de rúbrica, as competencias do TFM e do Prácticum.
- Acórdase a redacción final do Regulamento interno do máster para o TFM.